

DOBRE CORAZÓN

O poeta Miro Villar e o fotógrafo Manuel Álvarez unen as súas artes en *Gameleiros*, un volume onde texto e imaxe se irmanan para introducirmos no mundo dos mariñeiros de baixura da zona da Guarda. Estes amosan á lente da cámara os seus aparellos de pesca e tamén as historias que levan gravadas na memoria e nos ollos para facernos partícipes de toda unha vida de traballo e esforzo que se constata mirando os sulcos da súa pel, a fortaleza das mans. Pois, como afirma Manuel Álvarez no Epílogo do libro, son eles as *“Iconas dunha historia incompleta e de mundos familiares próximos e case descoñecidos, dos que en moitas ocasións certamente tamén nós formamos parte”* por máis que non sexamos conscientes deste feito. Aínda que a interrelación entre foto e verso xa fora experimentada noutras obras da nosa literatura como, por citar só dous exemplos, en *Tigres coma cabalos* de Xela Arias e Xulio Gil ou no libro colectivo *Alguén agarda que volva alí* -onde se suman as instantáneas de Maribel Longueira con poemas de moitos autores-, agora a percepción de fotógrafo e poeta xorde dunha vivencia moi próxima para eles, nados respectivamente na Guarda e en Cee, e ligados dun xeito sentimental e familiar a este mundo. Así, elaboran unha crónica realista e respectuosa da actividade dos mariñeiros do cerco onde non cabe ningún tipo de idealización épica, nin hai lugar para un dramatismo expúreo ós propios riscos que comporta esta actividade. Pola contra, procúrase o día a día, *“a noticia do cotián milagre”* que supón sobrevivir a tantas ameazas, non só provenientes do mar senón tamén das traxedias ecolóxicas que arrasán a vida oceánica e a de todos aqueles que dependen dela.

Así, embarcamos na gamela, esa nao fráxil e pequena que *“se converte decote nun incipiente embrión / símbolo de futuro, sinal de vida nova”* para compartirmos a sorte incerta destes modernos gladiadores que se xogan a sorte a unha carta fronte ós caprichos dun ser veleidoso que garda o seu veneno abisal para ofrecellelo en calquera momento. Por iso, a mestura da sobriedade das imaxes cos textos -breves e directos como as propias fotos- axéitase para detallar as *“feridas que se esquecen”* e que o mar imprime no corpo e na alma daqueles que se empeñan en dominalo. A súa indefensión non lle impide, porén, ó mariñeiro extraer o substento diario do océano e este é o misterio que recollen as fotografías, tan realistas que pensamos poder tocar os brazos masculinos e ver o noso reflexo nos ollos do robalo, que cheiramos a marusía e sentimos o impacto da onda nos corpos xa tan familiares. Sen embargo, unha certa melancolía apodérase de nós na constatación da fragilidade desta forma de vida sempre propicia a desaparecer e, tras deixarnos seducir pola nobreza da loita corpo a corpo de home e mar, sentimos o gusto agri doce das ameazas que se cernen

sobre esta actividade. Mais, como escribe Miro Villar, "*Dous corazón aniñan no peito mariñeiro, / un deles sempre é doce, malia ser augamar/ salgada, con raíces no infinito do corpo,/ e o segundo de pedra, que leva arterias cordas/ e que ancora cada home no seu lugar do mundo*". Esa é a forza secreta que asoma ós ollos de todos os mariñeiros retratados neste volume por Manuel Álvarez e a que comparten connosco, lectores de *Gameleiros*, os versos de Miro Villar.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 72, maio 2003, p. 69.

